

ITINERARIO RUTA FERROL – SAN ANDRÉS
CLUB MONTAÑA FERROL
(www.clubmontanaferrol.gal)

KM 0 – Porto de Ferrol.-

O porto de Ferrol, é o comezo tamén do Camiño Inglés a Compostela. Por dentro da ría de Ferrol nun itinerario urbano, que camiñará parello ás fortificacións creadas nos tempos da Ilustración, aló polo século XVIII. A continuación: todo o muro do Arsenal militar

KM 1 – Porta do Dique.- Esta porta representa unha das entradas máis elaboradas ó Arsenal militar, que se foi constituíndo a partires do S. XVIII, e no que no seu contorno medrou Ferrol. A continuación: prosigue o muro do Arsenal, o edificio de Ferrerías (futuro Museo Naval), a porta do Estaleiro Navantia-Ferrol, e o cuartel de Dolores (tamén do S. XVIII).

KM 2 – Porta do Estaleiro.- Seguindo as longas paredes dos arsenais e do estaleiro, chégase a unha Porta do 1750, lugar por onde a tecnoloxía entrou a estas terras, cara á fabricación da flota naval de España. A continuación: baixada urbana, porta de Navantia-Ferrol, escola da Armada, Conservatorio, Enseada de Caranza.

KM 4 – Capela de Sta. María de Caranza.- Pequena capela, no medio do paseo marítimo de Caranza, que veu pasar a historia deste barrio que deixou de ser unha zona rural nos anos 60 a converterse no principal núcleo poboacional de Ferrol. A continuación: paseo e praias de Caranza, cruce inferior da estrada das Pías, entrada de Ferrol, enseada da Gándara, polígono industrial.

KM 5 – Paseo Marítimo de Narón.- Fronte a un concesionario de coches, cóllese á esquerda un paseo marítimo que pouco a pouco nos alonxa da zona industrial e nos achega ó mar. A continuación: percórrese todo o polígono ata unha rotonda final, e se atopa o acceso á autoestrada.

KM 6'5 – Fonte do Vilar.- Pola popular fonte, con río de lavar, crúzase por debaixo a vía do tren, para entrar na zona residencial da Faísca, no barrio d'O Couto. A continuación: cara á dereita atrávesanse as rúas ata alcanzar a parte superior (esta zona foi un asentamento prerromano), para descendermos por unha inclinada pendente, entre o acceso á autoestrada e unha urbanización.

KM 8 – Mosteiro d'O Couto.- San Martiño, edificación Románica. A parte máis representativa son as súas ábsidas posteriores; aquí é posible atravesar cara a Neda pola ponte do Tren. A continuación: pequena costa arriba, para cruzar na dereita a autoestrada, baixando polo barrio de Cornido, pasando por diante dunha central de transformación eléctrica, se chega a un antigo serradoiro e se descende cara á ribeira.

KM 9,5 – Muíño mareal das Aceas.- Grande edificio, con enseada que aproveitaba o movemento mareal para o funcionamento do muíño. A continuación: chegada á zona do Ponto, e desvío do camiño de Compostela (á dereita), cara á ponte que leva o albergue de peregrinos de Neda. E cara á Estrada de Castela (antiga N VI), despois do cruce, collemos de fronte a estrada do Feal.

KM 10'5 – Ponte do tren de Ansede.- Antiga ponte que pasa pola vía do tren, camiño do Feal. A continuación: pásase unha Taberna e un local social, se abandona a estrada por outra, tamén á dereita, e que cando volve xirar dá lugar a unha corredeira.

KM 12 – Corredeira do Feal.- Antigo camiño entre eucaliptos, que pasa preto do cemiterio de Narón (á esquerda). Nas inmediacións está o castro de Sequeiro. A continuación: desemboca entre unhas casas novas e sáese á estrada Xubia-Castro, pasando por diante dun restaurante.

KM 13'5 – Pazo Libunca.- Chalé modernista, recuperado como hotel-restaurante. A continuación: pásase pola súa fronte seguindo a estrada.

KM 14 – Cruceiro da Pena de Embade.- Cruceiro popular, recuperado hai pouco tempo, despois de estar desaparecida a súa parte superior. A continuación: séguese a pista asfaltada entre casas, se deixa unha pequena granxa de caracois á dereita, ata pasar por riba de autovía A-65 (Ferrol-Vilalba). Nada máis pasala, vírase á esquerda por unha pista de terra.

KM 15,5 – Estación militar da Carreira.- Esta é unha estación de transmisión da Armada, chamada a converterse en zona de ocio. A continuación: alcánzase a estrada Castro-San Sadurniño, se percorre cara á esquerda ata as primeiras casas.

KM 16 – Corredeira da Boieria.- As casas atrávesanse e se inicia unha pista. A continuación: estamos na parcelaria de Boieria (futuro polígono industrial), entre eucaliptos, xestas e silvas. Chégase a outra asfaltada, que nos leva cara á dereita, e despois dun tramo de terra, sae por outro asfaltado.

KM 18,5 – O Carballo. Na parroquia de Sedes. Ó cruzar a estrada Sedes-Valdoviño, escomeza unha fortísima pendente. A continuación: pódese facer por asfalto, e atopamos a Fonte da Moura, ou xirar á dereita ata a primeira pista da parcelaria, para rematar facendo o derradeiro tramo por un corta-lumes, moi forte, pero se recomenda pola vista que hai dende o cume, xusto por debaixo dun muíño de vento.

KM 20 – O Esperón.- Impresionante miradoiro natural, e que cunha lenda que conta que o monte está cheo de auga. Un pouco máis enriba está o Coto dos Nenos, xacemento megalítico con profusión de enterramentos e futuro centro de interpretación. A continuación: pódese facer pola parte baixa, seguindo a estrada asfaltada, onde se atopará un cartel explicativo do camiño, posto polo Concello de Valdoviño. Pero é mellor seguir pola pista de terra, nada máis collela, virar á esquerda ata unha liña de tensión e continuar ata un regueiro.

KM 21 – Marco de Portonovo.- O gran marco de pedra está en posición horizontal. Este é o lugar onde se xuntan os Concellos de Valdoviño, Narón e San Sadurniño. A continuación: un quilómetro máis de pista de terra e sae a unha asfaltada.

KM 22 – Lobeira.- Este é un rueiro de San Sadurniño. A continuación: Chégase ata a estrada San Sadurniño-Valdoviño, que se atravesa para seguir por pista de terra, collendo rapidamente pola dereita, entre casas moi dispersas.

KM 28'5 – Loiba.- San Pedro, ten unha igrexa, e diferentes vestixios megalíticos. A continuación: cóllese a estrada cara ó encoro, ata a liña de alta tensión, por onde se colle monte a traveso ata a auga. KM 30 – Encoro das Forcadas.- De aquí sae a auga para toda a bisbarra de Ferrolterra. Ten instalacións recreativas de remo e vela. A continuación: atrávesase a presa, se percorre algo de asfalto, e se desvía cara á esquerda, tamén por asfalto.

KM 32 – Capela da Fame.- Capela de Liñeiro, lugar onde, dende sempre, parábase a comer despois dun, xa, longo camiño. A continuación: sáese á estrada de Vilarrube, e se cruza cara ó lugar da Escola, onde un estreito camiño en descenso por un eucaliptal dará paso a unha forte baixada, ás veces asfaltada, cara ó río divisorio de Valdoviño e Cedeira.

KM 35 – Porto do Cabo.- Lugar creado para os romeiros, entre as súas casas consérvase o antigo Hospital de Romeiros, e aquí as “Caldupeiras” facían o caldo para os camiñantes. É importante tamén a ponte medieval que dá paso ás terras de Cedeira. A continuación: coller á esquerda por asfalto, e ó pouco atravesando, remontar pola forzada pendente da Costa de Aro.

KM 36 – Costa de Aro.- Corredoiro entallada na terra entre eucaliptais que nos levará ata casas, xa en camiño asfaltado. A continuación: despois das casas, seguir remontando un pouco máis.

KM 36’5 – Posto de Ferrar.- Este é un lugar típico de paso, e sempre hai algunha persoa maior á que se lle pode preguntar sobre o camiño. A continuación: sáese a un cruce de estradas, pero será á esquerda cun pequeno descenso. Ó fondo, como referencia, a escola indiana reconstruída. Podemos ir algo á dereita ata a saída da aldea, ou ben por unha recta en baixada, e sube directa á escola.

KM 37 – Sisalde Menor.- Cruce obrigado. Hai posibles alternativas, pero todas pasan por enriba da escola. A continuación: Se collemos pola dereita, atravesamos a estrada de San Román e, ascendo cara á esquerda, entramos no eucaliptal por pista asfaltada. Se collemos pola esquerda, directos á escola, ó chegarmos onda ela volve a collerse á esquerda, ata un transformador, dende onde se segue a liña de alta tensión, por terra nun eucaliptal que nos deixará na estrada máis arriba.

KM 39’5 – Viciñeira.- Na estrada de Campo de Hospital–Cedeira. A continuación: tamén se cruza a estrada para remontar por outra estreita asfaltada entre casas que dá lugar a un gran “Z”, desembocando noutra asfaltada máis importante, seguindo por ela entre eucaliptos. Hai unha alternativa, polo camiño vello, que vai a cen metros da estrada, pero adoita estar pechado de silvas.

KM 42’5 – Candales.- Lugar xa no medio da Capelada. O camiño vello segue polo medio das casas nun estreito desvío pola esquerda, cun lavadoiro en pedra, sempre cheo de plantas. A continuación: a) de seguir o camiño antigo, pasaríamos polo medio da aldea e sairíamos de novo á estrada xeral, pero logo teríamos uns cantos quilómetros en asfalto, pasando polo lugar de Viriño. b) antes de coller cara a aldea, é mellor coller unha pista de terra que se introduce en zonas de repoboación de piñeiro. Na parte alta, abandónase para meterse entre os piñeiros e atravesar o regato do fondo do val, para recuperar a pista na zona alta.

KM 44’5 – Miradoiro de Edreira.- Nunha grande curva de terra, sobresa unha pena, que ten restos dunha varanda e unhas escaleiras; sen vexetación a vista sobre Cedeira é increíble. A continuación: descéndese da pista, polas futuras instalacións dun cámping, ata coller o camiño da valgada que desemboca en Reboredo.

KM 45’5 – San Roque de Reboredo.- Capela do S. XVIII, con fonte en pedra. A continuación: seguimos pola estrada, pasando polas casas, e remontando cara a un paso de gando canadano, e no cruce de terra, escoller a pista da dereita que ascende, cara un piñeiral. Estabilízase e aparecen unhas vistas da zona dos Peiraos e chega á estrada de Teixido, pola que iniciamos a costa embaixo.

KM 49 – Comezo da Costa e amilladoiros.- Chégase ó principio do Camiño Vello; é imprescindible foto con Teixido á fronte. Hai pouco modificado con bancos e postes de pedra. A continuación: hai 1 quilómetro de baixada irregular, con terra e pedras, que pode ser complicados en inverno.

KM 50 – Teixido (Santo Andrés)